

PLAN DE ORIENTACIÓN  
ACADÉMICA E PROFESIONAL

IES CANIDO

CURSO 2024-2025

## **INDICE: PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL**

**1- INTRODUCCIÓN**

**2- OBXECTIVOS**

a- XERAIS

b- ESPECÍFICOS: ESO, BACHARELATO, PROFESORADO E FAMILIAS.

**3- CONTIDOS**

**4- TEMPORALIZACIÓN:** A NIVEL AULA, FAMILIAR, INDIVIDUAL

**5- AVALIACIÓN**

## **PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL ( POAP )**

### **1-INTRODUCCIÓN**

O plan de orientación académico e profesional é o documento no que se plasman todas as actuacións que se levarán a cabo para axudar ao noso alumnado a elixir o seu itinerario académico e profesional. A través da información relevante e de calidade, de estratexias de busca, análise e valoración da información, trátase facilitarlles unha toma de decisións autónoma e responsable, para que elixan aquela alternativa entre as múltiples que se lle presentan en relación ás súas capacidades, intereses e motivacións ao longo da súa vida, favorecendo así o seu proceso de madurez vocacional.

Os pasos que imos ter en conta no POAP son:

- Sensibilización nas titorías: valor da orientación académica e profesional.
- Información ao alumnado, profesorado e familias.
- Proceso de auto-reflexión entre o alumnado.
- Procura e análise de información.
- Formación en canto ao proceso de toma de decisións.
- Elección de alternativas, consello orientador nalgúns cursos da ESO.

### **2-OBXECTIVOS**

#### **A.- Obxectivos xerais**

- Coñecer e valorar, por parte do alumnado, de forma axustada, as súas capacidades, motivacións e intereses.
- Facer reflexionar ao alumnado sobre os seus hábitos de traballo e sobre o seu rendemento académico.
- Aprender a tomar decisións de forma autónoma e responsable.
- Familiarizar ao alumnado ao finalizar a etapa ESO e Bacharelato coa información do mundo do traballo, asesoramento na procura activa de emprego e análise do mercado de traballo e informar sobre os ciclos formativos de grao medio e superior, graos universitarios e ensinanzas de réxime especial.
- Propiciar nos alumnos a autoorientación.
- Superar prexuízos discriminatorios e igualdade de xénero.

#### **B.- Obxectivos específicos**

##### **1º e 2º de ESO**

- Motivar ao alumnado para as actividades que van levar a cabo ao longo do POAP.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da toma de decisións en relación co futuro académico e profesional.
- Informar a familias e alumnos/as sobre as distintas opcións académicas ao terminar o 2º curso da ESO.
- Favorecer o coñecemento do alumno sobre as súas capacidades e aptitudes.
- Consello Orientador

### **3º de ESO.**

- Favorecer o coñecemento do alumno sobre os seus propios intereses e motivacións.
- Informar o alumnado sobre os itinerarios e as posibles optativas a elixir para 4º de ESO.
- Analizar sinteticamente o contido das citadas optativas e estudar a relación s coas modalidades de Bacharelato.
- Consello Orientador para FP Básica.

### **4º de ESO.**

- Informar as familias e alumnado sobre as distintas opcións académicas e profesionais ao finalizar a ESO.
- Favorecer o autoconecemento do alumno; aptitudes, intereses e autoconceito.
- Sensibilizar aos alumnos sobre a importancia da toma de decisións académicas e/ou profesionais, especialmente nos cursos terminais.
- Coñecer as distintas modalidades de Bacharelato e ciclos de Formación Profesional.
- Propiciar o contacto do alumno co mundo do traballo a través do coñecemento das distintas profesións e as súas correspondentes esixencias de formación.
- Formular o Consello Orientador para os alumnos que acaban 4º de ESO.

### **1º de Bacharelato**

- Transición á vida activa.
- Sensibilizar ao alumnado cos estudos universitarios e ciclos superiores de formación profesional e a súa vinculación coa oferta de traballo e/ou posibles saídas laborais.

### **2º de Bacharelato**

- Informar ao alumnado sobre as distintas opcións académicas e/ou profesionais ao finalizar o Bacharelato.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da toma de decisións nos cursos terminais.
- Coñecer os estudos universitarios e ciclos superiores de formación profesional e a súa concordancia coas modalidades de Bacharelato.

### **Co profesorado**

- Implicarlos na preparación e desenvolvemento do POAP.
- Ser receptores das demandas académicas e/ou profesionais do seu grupo.
- Participar activamente no POAP.

### **Coas familias**

- Colaboración e asesoramento sobre a posibilidades educativas e as diversas saídas profesionais que existen no mercado laboral.
- Favorecer a súa implicación e apoio no proceso de toma de decisións dos seus fillos.

### **3-CONTIDOS**

Ao longo dos distintos niveis educativos do centro, analizaranse e traballaranse os seguintes contidos relacionados cos obxectivos.

- **Coñecemento de si mesmo:** aptitudes, intereses, personalidade, autoestima, habilidades sociais, valores, rendemento académico e estilo de aprendizaxe.
- **Información académica e profesional. O coñecemento do sistema educativo:** estrutura do sistema educativo, optatividade nos cursos da ESO, modalidades de bacharelato, ciclos formativos de grado medio e superior, probas de acceso a ciclos, formación profesional básica, universidade, probas de acceso á universidade, criterios de promoción e titulación.
- **Optatividade:** materias optativas e toma de decisións.
- **Proceso de toma de decisións e proxecto persoal de vida:** actitude, liberdade e responsabilidade, aceptar un risco de erro.

### **4- TEMPORALIZACIÓN**

#### **A nivel aula**

<b>Contidos</b>	<b>Curso ESO</b>	<b>Temporalización por trimestre</b>
Coñecemento de un mesmo	1º,2º,3º,4º	1º
Coñecemento do sistema educativo	1º,2º,3º,4º	2º
Coñecemento do mercado laboral	3º,4º	2º
Estratexias sociolaborais	3º,4º	2º
Toma de decisións e proxecto persoal de vida	3º,4º	3º

<b>Contidos</b>	<b>Curso Bacharelato</b>	<b>Temporalización por trimestre</b>
Coñecemento de un mesmo	1º,2º	1º
Coñecemento do sistema educativo	1º,2º	2º
Coñecemento do mercado laboral	1º,2º	2º,3º
Estratexias sociolaborais	1º-2º	3º
Toma de decisións e proxecto persoal de vida	1º,2º	3º

#### **A nivel familiar**

Na charla de presentación do inicio do curso a través dos titores darase a información pertinente para cada curso sobre: estrutura sistema educativo, criterios de promoción e titulación.

Ao longo do curso atenderanse as solicitudes das familias de xeito individual.

#### **A nivel individual**

Cando este asesoramento xeneralizado por parte do profesor titor/a e/ou profesorado non chega a todo o alumnado, porque non se solucionou a súa situación de incerteza, dúbida ou consulta, será necesario un asesoramento individualizado por parte da orientadora do centro. No horario do

departamento de orientación a atención individual ao alumnado sitúase nos tempos de lecer dos luns martes, mércores e venres así como nas horas de titoría do grupo. O asesoramento ás familias será telefónico ou presencial con cita previa.

## **5.- AVALIACIÓN**

A avaliación será procesual e cualitativa con todos os implicados no POAP. Para iso contaremos cos instrumentos e actividades necesarias (cuestionarios, rexistros, reunións).

Utilizaranse como indicadores de avaliación os seguintes:

- Funcionamento das reunións.
- Grao de colaboración titores-profesorado-departamentos.
- Nivel de participación: profesorado, alumnado, familia.
- Desenvolvemento das actividades planificadas para cada un dos obxectivos.
- Valoración global do cumprimento do plan de traballo inicial.
- Proposta de mellora e elementos a ter en consideración para a elaboración do plan de traballo para o próximo curso.

Ferrol, 20 de setembro 2024

Asdo: Clara Goás Vargas

Xefa do Departamento de Orientación

## **Referencias legislativas**

**LEI ORGÁNICA 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación.**

**Decreto de Orientación.** Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galiza.

**Orde de Orientación.** Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galiza regulada polo Decreto 120/1998.

**Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado** dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas na Ley orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, FP e innovación educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galiza.

**Decreto de atención á diversidade.** Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.

**Lei de Convivencia e participación.** LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

**Decreto 8/2015,** do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27-01-2015)

**Currículo da ESO e do BACHARELATO.** Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza

**FPB.** DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galiza e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.